



B A N D O

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa do Concello de Vimianzo (A Coruña), ao amparo da atribución que me confire o artigo 21.1 e) e 84 da LBRL, así como as competencias contempladas no artigo 7 da Lei 3/2007 de 9 de abril,.

Poño en coñecemento para todas as veciñas e veciños:

Que achegándose a noite de San Xoán, e con ela a costume de prender as fogueiras e convivir arredor delas na noite do 23 para o 24 de xuño, este ano, por mor da pandemia provocada polo virus coñecido como covid-19, vímonos obrigados a modificar moitos usos e costumes sociais en aras a preservar un ben común tan prezado como é a **SAÚDE E INTEGRIDADE FÍSICA DA POBOACIÓN**.

Para protexer dita saúde, este concello e eu como representante do mesmo, comunico a PROHIBIÓN DA QUEIMA DE FOGUEIRAS E CACHARELAS EN ESPAZOS PÚBLICOS no seu concepto máis amplo, expresamente nesa noite de San Xoán (ademáis do resto do ano) porque doutra maneira non se podería garantir o cumprimento das medidas sanitarias obrigatorias para tentar minimizar os efectos da pandemia.

Que SÍ SE PODERÁN FACER AS CACHARELAS EN ESPAZOS PRIVADOS, adoptando as condición sinaladas na normativa sobre incendios de COVID-19, que se publicaran en bandos posteriores

Se ben estamos ante unha tradición arraigada e propia da nosa cultura, a situación na que nos atopamos sanitariamente nos obriga a tomar este tipo de decisións que esperamos non teñamos que volver a asumir.

Vimianzo, 10 de xuño de 2020

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez